

## Declaración de concurso deserto

### **EXPEDIENTE: PTG 3/2024** **Contrato de prestación de servizos de xestión das instalacións deportivas de PTG para a campaña de verán 2024.**

D. José Ramón Pardo Cabarcos, na súa calidade de conselleiro delegado da sociedade Parque Tecnológico de Galicia S.A.,

#### EXPÓN

En data 19 de abril de 2024 publicouse no perfil do contratante da web corporativa de Tecnópolis e na Plataforma de Contratación Pública de Galicia, o concurso para a prestación de servizos de xestión das instalacións deportivas de PTG para a campaña de verán 2024.

A data de fin de prazo para a presentación de ofertas rematou o 6 de maio de 2024, sen que se presentase ningunha oferta, tal e como queda acreditado na plataforma de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), único medio admitido para o envío de proposicións.

En base ao anterior,

#### RESOLVE

- 1) Declarar deserto o procedemento de contratación de servizos de xestión das instalacións deportivas de PTG para a campaña de verán 2024, nº expediente PTG 3/2024.
- 2) Publicar esta resolución no Perfil do Contratante da web [www.tecnopole.gal](http://www.tecnopole.gal) e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia

San Cibrao das Viñas, 15 de maio de 2024.

**O DOCUMENTO ORIXINAL ESTÁ ASINADO DIXITALMENTE EN DATA 20/05/2024**

Asdo. José Ramón Pardo Cabarcos  
Representante do órgano de contratación de Parque Tecnológico de Galicia S.A